

XXII exposición Cedofeita.

“Enfoques dun lerezán, unha ollada ao arquivo fotográfico de Rodri”

Xaime Iglesias González



Fotografías do arquivo de Rodri, así como diversos útiles e materiais fotográficos da súa propiedade, conforman a exposición Cedofeita que este ano chega á vixésima segunda edición. Non foi doado escoller as máis de cento e medio instantáneas que presenta esta mostra no medio de varios centos de miles de negativos que contén o fondo fotográfico deste lerezán, froito de case cincuenta anos de dedicación á fotografía. Pero finalmente, amósase unha escolma posible coa que se pretende exemplificar os diversos tipos de traballos realizados por Rodri ao longo dos anos, aínda que as fotografías de vodas teñen unha maior presenza.

Jesús Rodríguez Vieitez, máis coñecido por Rodri, naceu no Socorro no ano 1935, fillo de costureira (que despois foi tendeira) e de chofer. Malia quedar orfo de pai aos seis anos, realizou estudos de secundaria e non se graduou na Escola de Comercio de Vigo –onde superara o exame de ingreso– pola súa présa en incorporarse

ao mundo laboral. Así que, aos quince anos, comezou a traballar de ebanista nun prestixioso taller de Lérez que, ao pouco tempo, cambiou por unha ferraxería da vila, onde estivo de dependente arredor de dous anos.

U-las fotos do Brasil?

Aos dezaioito anos, emigra a Brasil, á cidade de Río de Janeiro, onde se atopaba o tío Tino, do Castelo. Foi aquí, en terras brasileiras, onde descubriu a profesión á que se ía dedicar ao longo da súa vida. O tío Tino púxoo en contacto cun galego de Xinzo de Limia que tiña un estudo fotográfico. Rodri emprégase nel, pero Vicente, que así se chamaba o limiao, non lle ensinaba os segredos da profesión, ata o punto de ter baixo chave a maior parte dos aparellos, limitándolle a actividade a vender detrás do mostrador. Con todo, a sagacidade de Rodri permitiulle comezar a retocar negativos nos momentos libres, aspecto da fotografía na que se especializou e realizou durante moitos anos.

A súa inquietude e interese polo mundo da fotografía aumentaba e fíase decatando de que ese era o seu camiño. Pero tamén era consciente das dificultades que tiña de formarse no lugar onde traballaba. De aí que tratou de aprender o oficio dun xeito autodidacta. Mercou un libro de fotografía, unha cámara Kodak e os produtos necesarios para revelar. Estes elementos foron a base do laboratorio fotográfico que montou no propio domicilio, o que lle permitiu dedicarse as fins de semana a acudir aos campos de fútbol e facer fotos aos afeccionados para logo venderllos.

Esta actividade, que o xefe consideraba competencia desleal, puxo fin á relación laboral que mantiñan desde había pouco máis de dous anos. Daquela, Rodri puxo un anuncio no xornal “O Globo” ofrecéndose como “retocador de negativos” e, aos quince días, acepta a demanda doutro estudo onde non só retocaba negativos, senón que atendía a tenda, revelaba, etc.

Despois foi “traspasado” a “Foto Pérez” cuxo propietario era amigo do anterior, un obradoiro fotográfico de categoría, onde se coloreaban as fotos con gran éxito e onde tamén tivo que realizar todos os labores da fotografía, o cal contribuíu a completar a súa formación.

Destá etapa brasileira, non figura no arquivo de Rodri ningunha fotografía realizada por el mesmo, pero na exposición que comentamos, amósanse, fóra de colección, dúas fotos nas que el era o “modelo”. Nunha delas, realizada no estudo de Vicente, o seu primeiro lugar de traballo, pode verse con aspecto xuvenil a carón dunha cámara de estudo. Na outra, gravada en relevo co anagrama de “Foto Pérez”, aparece cun discreto bigote.

De volta en Pontevedra: fotos escolares e nevarada

Estaba integrado Rodri en Río de Janeiro. Tiña amizades, divertíase, formaba parte dunha asociación veciñal e dominaba a lingua. Sentíase ben alí, pero a depreciación do cruceiro respecto da peseta, así como unha doenza que lle afectou, aconsellárono volver á Galicia, feito que se produciu en 1960.

Tras repoñerse, comezou a traballar na casa materna de Lérez como retocador de negativos para distintas tendas de fotografía ás que cobraba por peza. Prestixiosas firmas como Yáñez de Pontevedra, Ocaña de Marín, Valín de Vigo e Sandine de Santiago facíanlle encargos abondo, de tal xeito que completaban sobradamente a xornada laboral. Pero, velaquí que Sandine, en setembro e outubro, meses nos que se confeccionaban as orlas universitarias, aumentaba as encargos o que lle impedía atender con dilixencia as outras casas. Entón Yáñez propúxolle traballar exclusivamente para el no estudo que tiña na rúa da Peregrina. Unha vez máis,



Intervención de Rodri no acto da inauguración.

ademais de retocar negativos, tivo que facer todos os labores propios dunha tenda e laboratorio fotográficos.

No entanto, comeza a moda de facer reportaxes de vodas e bautizos. Entón Yáñez proponlle que se dedique a elas os domingos o que acepta Rodri coa condición de reservar para el as fotos das mesas dos convidados ao banquete nupcial. A idea foi un éxito sen precedentes, pero diferenzas xurdidas en aspectos como o custo do papel fotográfico ou en que momento había de revelar esas fotos, remataron a relación laboral.


Tras un efémero período en Foto Graña, comezou a traballar en Jófer, primeiro laboratorio de fotografía en color de Galicia, onde coñeceu o mercado das fotografías escolares. Así que, ao abandonar este laboratorio en 1970, vai dedicarse a ese mester pola súa conta durante tres anos aproximadamente, labor que realizaba coa colaboración inestimable de Carmela, a súa dona coa que casara en 1964. As estradas de bisbarras como Caldas, Tabeirós, Deza, Santiago e Baixo Miño foron testemuñas do paso de Rodri no seu seiscentos camiño das escolas.

Na exposición aparecen varias fotografías escolares cun formato típico da época: un neno ou nena sentado/a nun pupitre diante dun decorado no que case nunca faltaba

un mapa. Pero se cadra, a fotografía máis significativa deste período profesional de Rodri é a que capta os xardíns da Ferraría de Pontevedra tras a nevarada de 1963.

A tenda da rúa Real, un soño feito realidade: moitas e variadas fotos

Desde había tempo, Rodri viña acariñando a idea de abrir en Pontevedra unha tenda de fotografía completa. Isto é, un establecemento que contase cun estudo fotográfico e vendese material de fotografía. Co estímulo de Carmela, a idea fíxose realidade no outono de 1973. Efectivamente, Carmela había ser parte activa na posta en práctica deste proxecto,



Retocador de negativos

así como unha eficaz cooperadora no seu desenvolvemento posterior, ata o punto de se converter nun dos apoios fundamentais da nova andaina profesional de Rodri.

O negocio funcionaba satisfactoriamente. Os seareiros podían mercar cámaras fotográficas, carretes, álbums, etc., obter o revelado dos seus traballos fotográficos, recuperar e reproducir fotos antigas ou poñerse diante do obxectivo para seren retratados con múltiples finalidades.

Diante da súa cámara pousaron, entre outras categorías, múltiples persoas para obter fotos tipo carné (dni, familia numerosa, conducir), familias para reforzar os seus vínculos, noivos acabados de casar para perpetuar tan solemne día, crianzas de primeira comuñón levados pola ilusión dos pais e máscaras que pretendían deixar constancia dos seus disfraces.

Unha mostra destes traballos figura na exposición baixo o epígrafe “fotos de estudo” onde destaca a foto dun inmigrante destinada a ser enviada aos familiares do país de orixe

Ademais, no decorrer dos case trinta anos de existencia da tenda, Rodri realizou traballos fotográficos diversos fóra do estudo. A petición dos respectivos donos, fixo fotografías de fincas e outras propiedades, co propósito de seren achegadas como proba documental de lindes en conflito, o que lle ten causado anécdotas curiosas e incluso algún problema.

Nesta época, os servizos de Rodri tamén foron solicitados polo Goberno Militar para facer reportaxes de diversa índole. Como exemplo deste traballo, Rodri escolleu para esta exposición varias fotografías dos actos conmemorativos do XXV aniversario da BRILAT, instalada en Figueirido.



Cámaras e outro material exposto

Tamén seleccionou varias fotos realizadas no seu día por encarga do Museo de Pontevedra, entidade para a que traballou durante máis de vinte anos, polo que podería dicirse que era o “fotógrafo oficial” desta organismo. Reunión do Padroado do Museo, xuntanza do persoal, concerto “A luz dos candelabros”, exposición Castelao e unha vista dos edificios da rúa Padre Amoedo antes de se converteren dependencias do museo, son algunhas instantáneas amosadas nesta sección.

Ademais, a exposición presentaba unha serie variada de traballos fotográficos realizados por Rodri como son grupos de comuñón e confirmacións, procesións do Santísimo Cristo

e de san Salvador, un club de fútbol xuvenil de Lérez, unha banda da gaitas, un grupo de baile galego, ambos da parroquia, a tómbola de Fernández, a festa dos nenos, xantares veciñais (homenaxe e xuntanza), así como reproducións de fotografías antigas.

A maior presenza de fotografías de vodas

Por diversas razóns, a fotografía de estudo foi minorando a demanda, polo que Rodri axiña comezou a realizar reportaxes de vodas e bautizos, modalidades daquela en auxe, que, como se dixo, xa explorara anteriormente. Foi, sen dúbida, unha actividade de gran éxito, se cadra,



Nevarada na Ferrería, 1963

a de maior éxito da tenda, pois deica pechar no ano 2002, realizou máis de mil cincocentas reportaxes, chegando a facer sesenta delas nun só ano.

O seu labor facendo reportaxes fotográficas de calidade estendeuse polas parroquias próximas a Pontevedra e outras máis afastadas pertencentes a diferentes provincias galegas, aínda que cómpre dicir que de Lárez tivo unha grande clientela, nada menos que cento dezaseis álbums de vodas realizados con coitado detalle, polo que se pode afirmar que Rodri foi "profeta na súa terra". Deles foi posible escoller case corenta para seleccionar tres fotos significativas de cada un, polo que este tipo de fotografía foi, sen dúbida, o de maior presenza na exposición.

Estas fotos, o mesmo que calquera outras realizadas por Rodri, son fotografías frescas, feitas con delicado mimo, que pillan os mellores momentos de cada evento, xogando con ritmo coas luces, as sombras e as perspectivas. Tanto as fotografías

captadas nò estudo como as tomadas fóra convertíanse nunha forma de rexistrar anacos do mundo circundante, susceptibles de se converter en lembranzas do pasado.

Materiais e aparellos fotográficos

Non podía faltar nesta exposición un amplo escaparate de materiais e útiles fotográficos que Rodri utilizou para facer fotografía analóxica. Cámara técnica de placas (cámara de banco/estudo), focos e tallo recreaban un estudo fotográfico. Ademais podían verse cámara de reportaxes 35mm, flashes varios, cámara de reportaxes formato medio, cámara de instantánea de fotos carné (Polaroid), ampliadora, esmaltadora, guillotina, latas de películas de 35 mm/120mm, retocador de positivos, así como recordatorios, fundas fotos carné, manuais de fotografía, axendas e distintos útiles e produtos para a fotografía analóxica como ácidos, tinta chinesa, pincel, lapis de retocar, afialapis, etc.

Aproveitando os distintos materiais e útiles expostos, Rodri estivo dispoñible, no decorrer da exposición (4, 5, 6, 7 e 8 de agosto), para explicar a calquera visitante o contexto das fotos, así como o proceso da fotografía tradicional desde o enfoque ata a obtención do positivo. Sen dúbida, foi aos nenos aos que máis lles fascinaron as explicacións.

Rodri comezou sendo retocador de negativos en branco e negro, formouse de xeito autodidacta ata coñecer todos os segredos da fotografía, tivo unha actividade profesional fecunda de case cincuenta anos, traballou como asalariado e por conta propia e nos últimos anos especializouse en reportaxes de vodas e bautizos. Foi un profesional da fotografía que evolucionou cos avances da técnica. Dominou a fotografía analóxica, adaptouse sen complexos á dixital e, finalmente, afixose aos medios audiovisuais cos que complementaba as súas reportaxes. Nos últimos anos contou coa colaboración do seu fillo, tamén coñecido por Rodri, ao que soubo transmitirle a ilusión pola fotografía.

